



Ordenanza N° 40:

Ordenanza Reguladora do

**Prezo Público pola prestación de
Ensinanzas Especiais e outras actividades
en establecementos municipais**

—Ano 2010—



ARTIGO 1.- CONCEPTO

Consideraranse Servizos abranguidos no ámbito de aplicación desta ordenanza, cursos e ensinanzas e actividades que organice o Concello no exercicio das súas competencias educativas nas que se establezan dereitos de matrícula.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS O PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento destes prezos públicos os alumnos que se matriculen nos cursos, de non teren maioría de idade ou non estaren emancipados serán contribuíntes os seus pais, titores ou representantes legais.

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,80 € que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividi-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

b) Ensinanzas e outras actividades complementarias da educación, previo acordo plenario aprobatorio de actividades ou programas de actividades correspondentes: Aplicarase a tarifa que resulte de cubri-lo custo da actividade ou programa, que se xustificará diante da Intervención de Fondos.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

- Matrícula	40,60 €
- 10 mensualidades de	16,10 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula	56,85 €
- 10 mensualidades de	22,35 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula	61,95 €
- 10 mensualidades de	24,70 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula	66,95 €
- 10 mensualidades de	26,75 €



Difusión musical (curso 20 horas)

- Matrícula 30,05 €

Monográfico (curso 20 horas)

- Matrícula 45,10 €

Especialización musical (curso 30 horas)

- Matrícula 150,20 €

d) Escola Municipal de Teatro.

Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula 24,35 €

- 9 mensualidades de 21,15 €

Cursos monográficos

20 horas ou fracción. 44,25 €

40 horas 88,45 €

60 horas 132,80 €

80 horas ou mais 177,05 €

Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula 86,35 €

- 9 mensualidades de 77,50 €

e) Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.487 € A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 48.817 €

Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.447 € quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.



Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularsen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizarase á Administración de Tributos do Concello para que recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para o curso ou actividade da que se trate.

2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse dunha soa vez ó realiza-la inscrición. As mensualidades deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes. Os interesados deberán recibir xustificantes de pagamento.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2010, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓN B.O.P.:	30.DE DECEMBRO DE 1989
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	27 DE DECEMBRO DE 2000
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	07 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	11 DE DECEMBRO DE 2009